

Eterno retorno¹

Ceo gris nun día de verán,
con nubes calladas no ventre aceirado dun cadáver que nos dixire sen pausa...
Os paxaros pían inquedados, como prisioneiros á espera da última chamada,
proxectados a intervalos en voos precipitados arriba e abaixo,
en loita contra a contradición que comprime o seu espazo.

Ao fondo, algunha máquina fai vibrar o aire:
parece o estertor dun moscardón afogado polo veneno dun deus descoñecido.
Máis preto, o parloteo das galiñas e o ladrado dos cans
humanizan a terra, antes de que se converta en pedra informe.
Máis preto aínda, as formigas percorren a roseira,
perseguido na súa peregrinaxe un relicario imposible que restituía o sentido.

As moscas revolotean monótonas, indiferentes. Adiviñan o seu triunfo.
Con todo, por baixo, alimentando o desconcerto, todo é quietude.
O aire levántase suave de súpeto.
É frío.
Lembra o outono que virá.
Un presentimento do ocaso...

¹Este texto foi publicado orixinalmente no blogue [Abrentes](http://abrentes.com), 20 de xullo, 2018. Está suxeito á licenza Recoñecemento-CompartirIgual 4.0 Internacional de Creative Commons. Para ver unha copia desta licencia, visite <http://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/>

